


ESTUDO DOS ESPAZOS VIRTUAIS DOS MUSEOS E CENTROS DE ARTE GALEGOS DENDE PERSPECTIVA DE XÉNERO

Rut Martínez López de Castro
Lorena Arévalo Iglesias



A importancia da inclusión da perspectiva de xénero ou feminista na construción crítica dos discursos e prácticas que conforman a política museística.

OBXECTIVOS

- Identificar as estratexias de comunicación e difusión de tres museos de arte galegos (Museo de Pontevedra, Museo Provincial de Lugo e CGAC), no tocante á perspectiva de xénero.
- En base ao observado, realizar unha proposta de mellora.

RESULTADOS

RECOÑECEMENTO (protagonismo compartido)

En liñas xerais, pódese afirmar que os artistas masculinos teñen máis presenza nas salas dos museos (sete exposicións individuais fronte a seis de mulleres, e tres colectivas fronte a dúas de mulleres), e polo tanto, nas súas páxinas web. Contan con máis exposicións individuais e están tras un número maior de proxectos curatoriais (once fronte a cinco de mulleres), incluso daquelas exposicións colectivas con participación única ou principalmente feminina. Dos tres museos, o de Lugo é o único no que o número de mulleres, tanto artistas como comisarias, é realmente relevante (tanto pola súa presenza como polos temas tratados e o enfoque crítico adoptado): o 83,33% das súas exposicións están comisariadas e/ou "creadas" unicamente por mulleres, fronte ao 53,85% do CGAC e o 14,29% do Museo de Pontevedra. Nos contidos dixitais ofrecidos polo Museo de Pontevedra a muller só está presente como "obxecto representado" (por homes). No CGAC é onde as mulleres contan con máis exposicións individuais. No tocante á comunidade LGTBQI+, o Museo de Lugo é o único que presenta actividades complementarias centradas neste colectivo, se ben ningún dos tres museos programou neste 2021 ningunha exposición realizada por un/ha artista LGTBQI+.

REPRESENTACIÓN (presenza nos discursos)

Mentres os discursos dos artistas masculinos abordan temáticas dispares, as obras presentadas por mulleres adoitan ter un compoñente de xénero e/ou identidade (racial, histórica, xeográfica) máis marcado na práctica totalidade dos casos. Este feito queda patente tanto nos textos de presentación dispoñibles na web como nos materiais informativos descargables, aqueles nos que se amosa a interpretación do discurso das artistas por parte do museo. Así, a muller parece ter que xustificar a súa presenza nas salas como parte dunha "cota crítica", salvo no caso do Museo de Lugo, onde os discursos das artistas (obras) son complementados pola institución (museo). Dos tres museos que compoñen a mostra, o Museo de Lugo é o único que presenta unha programación complementaria con claro enfoque de xénero, e o único que emprega linguaxe inclusiva nos seus contidos. Esta inclusividade trasládase aos discursos do museo, único cunha programación que contempla as prioridades estratéxicas de xénero tamén á hora de tecer redes con outras entidades do eido social, buscando vías de construción dun "novo museo" que traballe pola igualdade. No outro extremo, o Museo de Pontevedra obvia o discurso feminista e feminino crítico tanto na súa programación como nas súas actividades complementarias.

As páxinas web dos museos e centros de arte galegos son un reflexo dos espazos expositivos físicos aos que complementan. Como naqueles, a presenza feminina é máis reducida no caso do comisariado, o que afecta ás temáticas e composicións das exposicións, e nos casos nos que se programan exposicións de carácter marcadamente feminino, estas levan implícita unha compoñente de reivindicación que, se ben é positivo na situación actual, evidencia que estamos aínda lonxe de ter normalizada a presenza da muller nos museos.

CONCLUSIÓNS

PROPOSTA

O apoio das institucións museísticas por medio dun programa de actividades complementarias planificado de xeito crítico e con enfoque de xénero é fundamental para comezar a cambiar o modelo de museo actual, aumentando a presenza de artistas femininas e *queer* nas salas e nas páxinas web.

Así, resulta imprescindible que os nosos centros de arte poñan en marcha de xeito sistemático tanto propostas de programación que contribúan a cuestionar e concienciar sobre as relacións de desigualdade na arte e na vida, como programas formativos que fagan pensar aos públicos sobre o xeito de representación e os imaxinarios e condicións sociais das mulleres e integrantes do colectivo LGTBQI+.